

LUIS TOSAR ACTOR E PROTAGONISTA DE «FATUM»

«As series abúrrrenme soberanamente, teño a mente colocada no cine»

O lucense está de volta nas salas cunha película que reta o poder do destino

MILA MÉNDEZ
A CORUÑA / LA VOZ

Sorprende a resposta cando se lle pregunta a Luis Tosar (Cospeito, 1971) cal foi a última película que foi ver ao cine. *Momias*, di sorrindo. A vida con fillos muda irremediabilmente as rutinas. O actor lucense, ao que nunca lle gustaron «nin os xogos de mesa», volve á pantalla grande con *Fatum* para darlle vida a un pai adicto ao xogo que se ve involucrado nun atraco e que estará disposto a todo por salvar un fillo. Un *thriller* que quere escapar dos estereotipos do xénero e no que a acción máis intensa é a emocional dos seus personaxes. «Aquí hai tres pelis nunha», conta.

Elena Anaya, Álex García e Arón Piper completan o elenco principal da produción que dirixe Juan Galifianes, e na que figura a súa parella, a actriz chilena Luisa Mayol. Candidato en nove ocasións aos Goya e gañador en tres do premio, poucos actores contan cunha carreira tan prolífica e constante. Contados son tamén os que saben moverse con éxito entre augas tan distintas como son a comedia, o terror ou o drama. «Nunca lle damos moita importancia á maioría das decisións que tomamos», confesa Tosar, ao que non lle gusta deixar nada ao azar. Ou case nada. —Desde a estrea de «Celda 211», no 2009, suma máis de corenta películas. Considerábase un afortunado neste mundo tan complexo? —Algunhas son só colaboracións, pero si, superafortunado, tanto a nivel cuantitativo como polo contido dos proxectos. Estiven traballando sen parar, con paróns moi pequeniños ou intencionados, salvo un susto que tiven hai cinco anos, cando estiven sete meses sen currar. Antes dábame un pouco máis igual



Tosar visitou Galicia estes días para asistir á estrea da súa última longametraxe, «Fatum». MARCOS MÍGUEZ

se pasaban uns meses sen unha chamada, pero, cando xa estás con familia, cambian as cousas. —En «Fatum» interpreta un pai nunha situación límite. A que pode chegar un por un fillo? —Por un fillo seguramente un fai calquera cousa, mesmo as máis aberrantes. Non son eu quen dirá «Eu non o faría», non teño nin idea. A min non me gusta facer ese tipo de exercicios, aínda que a pregunta caia de caixón, sobre todo, facendo unha película coma esta, onde se fala tanto do destino. Eu tendo a pensar que teño algo que ver na miña vida. Recorremos ao destino, ao «Non tiña nada que facer», sobre todo, cando as cousas van moi mal. Ante a morte dun fillo, por exemplo. Buscamos esas voltas, «É o destino», porque necesitas un consolo, algo co que ti-

rar para adiante. Por iso existen as relixións tamén. —Non cre no destino, entón. —Non moito, o que pasa é que si me sucederon cousas que parece que poderían ser deseñadas por unha especie de relojería divina. —Refírese a Luisa Mayol, parella tamén de ficción na película? —Foi curioso. Iámonos cruzando, case iamos en contra, pasaban os anos e, ao final, estamos xuntos. Igual houbo algo de destino. —Pode chegar a afectar un papel na vida privada? —Supostamente si. Por iso hai que tomar precaucións, ser un pouco máis listo. Estableces unhas dinámicas que vas repetir durante moito tempo, durante moitas horas, dunha maneira moi intensa. Iso ten un perigo que nós, con dous menos, non nos podíamos permitir. Antes de ro-

dar, preparámonos con Juan Carlos Coraza, un *coach*, para facer un traballo conxunto e que esa relación tan rara, tan tóxica, non nos afectase na nosa vida. —Hollywood segue sen tentalo? —De Hollywood nunca espero nada interesante, pero nunca movo nada para facer nada alí. Está nun estado de letargo permanente. Ás veces chega algunha cousa, dan un toque, pregunto... Agora ofrecen cousas un pouco máis diversas. Normalmente, ofrecíannos cousas máis de malote. —E as series? Algunha ten feito. —É que a min as series abúrrrenme soberanamente, en xeral. Non me gustan, paréceme que todo está moi alongado e que se podería contar en menos tempo. As secuencias parécenme longuísimas, non pasa nada. Teño a mente colocada no cine.

«Un papel co que soñe? Facer de galán... Non!»

Para os galegos, especialmente, para aqueles que creceron vendo a televisión de finais dos noventa, Luis Tosar é o xuíz Andrés Domínguez de *Mareas vivas*. Pero tamén é Antonio, o marido violento de *Te doy mis ojos*, ou José, aquel desempleado que cruzaba encollido a ría de Vigo en barco en *Los lunes al sol*. «É curioso, porque a miña carreira cinematográfica non ten moito que ver con *Mareas vivas*. Sempre dá a impresión de que o éxito de *Mareas* produciu o outro, pero non:

estaba pasando en paralelo. Ao mesmo tempo que traballaba na serie, estaba rodando *Flores de otro mundo*, unha peli que me captulou, por así dicilo, a unha liga de cine á que non tivera acceso. *Mareas* foi un evento tan grande, aínda se fala del; transcendeu, pero a súa repercusión era única e exclusivamente en Galicia. Case che diría que ten máis transcendencia fóra agora. Se fose hoxe, sería totalmente diferente, con Internet todo está presente en todos os lados, pero naquel

momento eran compartimentos estancos», comenta. Chegado o momento, tivo que escoller. *La flaqueza del bolchevique*, *Mientras duermes*, *El desconocido* ou *Maixabel* son a consecuencia desa elección. «O 99 % das cousas que facemos son decisións que imos tomando», argumenta. Un deses principios foi o de manterse afastado das rendas sociais. «Son un privilexiado, porque conseguín ter un estatus na profesión anterior ás redes e estou vivindo un pouco de

rendas nese sentido». Como pai, xa non descarta ter que habilitar unha conta no universo no que están os novos e, como actor, segue buscando guiños que o sorprendan. «Sempre hai unha tendencia a ofrecerche cousas nas que se ve que funcionas», explica. «Un papel co que soñe? Facer de galán... non! Sería bonito facer unha peli de aventuras, molaría un Indiana Jones, ou unha de piratas, un John Silver. Pero son tipos de cine que aquí non podemos facer», desliza.

PARA LEER



«El papel pintado amarillo»

Charlotte Perkins Gilman
Traducción de Montse Meneses
Editorial Alpha Decay
94 páginas. 15,90 euros

H. J. P. REDACCIÓN / LA VOZ

Hay ocasiones en que literatura y vida son indiscernibles. Ocurre de modo inequívoco en *El papel pintado amarillo* (publicado en *The New England Magazine* en 1892). En vez de un cuento, bien podría tratarse de un ensayo sobre la desvalida situación de la mujer en la segunda mitad del siglo XIX, sobre la precariedad de su papel social, laboral e incluso familiar. De hecho, su autora, la escritora estadounidense Charlotte Perkins Gilman (Hartford, Connecticut, 1860-Pasadena, California, 1935), acabó por convertirse en una referencia intelectual en la defensa de los derechos civiles de las mujeres. Tan relevante era (y es) el asunto que se sustancia en el relato que suscitó entonces la reacción en contra de algunos prominentes médicos que advirtieron de que su lectura podía tener desastrosas consecuencias, y hasta la autora escribió en 1913 un breve texto razonando sus motivaciones. Perkins recrea en sus páginas una experiencia propia: durante tres años padeció «severas y continuadas crisis nerviosas con tendencia a la depresión y otros síntomas», un mal para el que un eminentísimo especialista le prescribió cama y cura de reposo, además de retiro doméstico, «restringir la actividad intelectual a dos horas al día» y «no volver a tocar una pluma, un pincel o un lápiz» el resto de su vida. Después de tres meses obedeciendo instrucciones que la llevaron al borde de su propia «ruina mental», Perkins decidió por fin desoírlos y retomar el trabajo, «que proporciona alegría, crecimiento y servicio, y sin el cual uno no es más que un pobre parásito». Esta intuición la salvó «in extremis» al devolverle la salud. El consecuente regocijo, recuerda, la empujó a imaginar *El papel pintado amarillo*, que —dice en el prólogo Maggie O'Farrell— «es un grito, pero no tanto de desafío como de exigencia; la exigencia de ser escuchada, de ser comprendida, de ser reconocida».